



Guía Docente				
Datos Identificativos			2013/14	
Asignatura (*)	Multilingüismo e internet	Código	613836064	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	Vazquez Veiga, Nancy	Correo electrónico	nancy.vazquez.veiga@udc.es	
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	Esta materia prepara o alumnado para identificar as necesidades lingüísticas e comunicativas de comunidades, institucións e empresas dentro do panorama de crecente internacionalización e globalización, así como os retos e as oportunidades que este medio supón.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
- Dominar o ámbito virtual.	AI9 AI10	BI5 BI8	CM3 CM6 CM8
- Ser capaz de analizar e investigar os mecanismos dos procesos de comunicación en contextos multilingües.	AI1 AI3 AI4 AI5 AI7	BI1 BI2 BI5 BI6 BI10	CM4 CM6 CM7
- Aplicar os coñecementos sobre os principais conceptos de planificación e política lingüística ao ámbito virtual dende unha perspectiva global.	AI1 AI3 AI6 AI7 AI8	BI2 BI3 BI4 BI7 BI9 BI10	CM4 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Globalización e multilingüismo. O papel do inglés.	1.1. Que é a globalización? 1.2. Consecuencias da globalización 1.3. A diversidade lingüística 1.4. Situacións de bi- e multilingüismo 1.5. O impacto da globalización nas linguas 1.6. O inglés: a lingua da globalización



2. As linguas de Internet, as linguas en Internet. Visibilidade das linguas e das culturas na rede.	<p>2.1. Internet, lingua e comunidade</p> <p>2.2. Consecuencias de Internet para as linguas</p> <p>2.3. Como avaliar unha lingua na rede</p> <p>2.4. As linguas máis faladas en Internet</p> <p>2.5. Algúns apuntamentos sobre o futuro das linguas</p>
3. O ciberespacio europeo: a UE e as linguas.	<p>3.1. O ciberespacio: unha oportunidade para o multilingüismo?</p> <p>3.2. A Unión Europea e o multilingüismo</p> <p>3.3. As linguas oficiais da Unión Europea</p> <p>3.4. As linguas minoritarias na Unión Europea</p> <p>3.5. O Marco Común Europeo de referencia para as linguas</p>
4. O ciberespacio dende Galicia: as linguas da rede, as linguas na rede. O dominio .gal	<p>4.1. O ciberespazo: visibilidade da lingua e da cultura galegas</p> <p>4.2. A aprobación do dominio .gal</p> <p>4.3. Consecuencias da aprobación do dominio .gal</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Discusión dirixida	3.5	3.5	7
Traballos tutelados	0	18	18
Presentación oral	1	2	3
Solución de problemas	3	2	5
Lecturas	0	25	25
Aprendizaxe colaborativa	3	3	6
Proba de resposta múltiple	1	0	1
Sesión maxistral	9	0	9
Atención personalizada	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.
Presentación oral	Exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Solución de problemas	Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.
Lecturas	Conxunto de textos de fontes diversas proporcionado polo profesor para a profundización nos contidos traballados.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa Discusión dirixida Traballos tutelados Presentación oral	Resolución de dúbidas sobre os contidos da materia. Comentarios individuais dos distintos traballos. Tutorías de libre disposición.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Valorarase a asistencia e participación na aula.	15
Discusión dirixida	Os alumnos discutirán de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, coordinados pola profesora.	10
Traballos tutelados	O alumno deberá desenvolver as actividades avaliadas propostas. A profesora prestaralle axuda no momento en que o precise e demande. Unha das actividades poderá ter carácter grupal, co fin de desenvolver a capacidade de traballar en grupo de xeito colaborativo.	40
Presentación oral	Exposición oral dalgunha das actividades propostas pola profesora.	10
Solución de problemas	Proposta/s de resolución dunha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron.	10
Proba de resposta múltiple	Farase unha proba tras finalizar cada un dos temas. Tratarase de probas tipo test que versarán sobre os contidos das lecturas traballadas.	15

Observacións avaliación

Segunda oportunidade (xullo): aqueles estudantes que non teñan superado a materia e teñan asistido regularmente ás aulas e realizado un 60% das actividades propostas, terán que repetir únicamente aquelas actividades ou probas non superadas. Nos casos restantes, serán avaliados pola realización dos traballos tutelados propostos polo/a profesor/a (100% da cualificación).

Estudantes con dispensa académica recoñecida. A puntuación alcanzada nos traballos supoñerá o 100 % da nota final, tanto na primeira como na segunda oportunidade.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías